



## AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

### 1. A que persoas vai **dirixido**?

Ás familias do alumnado que ostentan a condición de **gratuíto** e do que por renda familiar resulta pagador **dun euro** polo Servizo de Comedor.

É dicir, a **familias que pagan 0 euros** polo comedor, **ou 1€** polo mesmo.

### 2. **En que consiste** a axuda?

Nunha compensación do custo diario do menú nos días lectivos da suspensión do comedor polas medidas adoptadas coa pandemia do COVID-19:

- **2,50 €** por cada día lectivo no casos de alumnado con **gratuidade total**.
- **1,50€** para o alumnado por cada día lectivo que paga **1€**.

Non se cobran os 4,50€ porque a Consellería só paga a manutención e explica que ese custo suma tamén o persoal, a menaxe, o voluntariado,...

### 3. **Cómo presentar a solicitude** e que prazo hai?

Prazo: dende o día **31 de marzo ó 6 de abril, ambos inclusive**.

Presentación: **Telemática**, de dous xeitos:

1. Formulario normalizado dispoñible na **sede electrónica da Xunta de Galicia**, <https://sede.xunta.gal>. Para elo é necesario ter **certificado dixital, ou a chave 365**.

2. **Dirección do centro**: enviando os seguintes datos ao **correo electrónico** do colexio [ceip.pedro.caselles.rollan@edu.xunta.es](mailto:ceip.pedro.caselles.rollan@edu.xunta.es) :

- o **Nome** completo e **DNI** do pai ou nai
- o Tipo de **Pagamento**: gratuidade total ou abono de 1€
- o Nome do **alumno/-a**:
- o Número de **conta bancaria**:

**IMPORTANTE**: Por cuestións de rexistro e para evitar calquera erro é mellor enviar os datos por correo electrónico, pero se precisades axuda coa solicitude e non tedes xeito de enviarnos un correo, teremos **atención telefónica no 982870985 de 10h a 13h**.

Podemos facelo os Equipos Directivos directamente, pero precisamos os vosos datos.

**4. Que días cubre esta axuda?**

Dende o 16 de Marzo ata o 3 de Abril: en total 14 días lectivos. Pois está a Semana Santa polo medio.

Prórroga: se se prolonga outros 15 días cubriría 14 días lectivos. Sería ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

**5. Como se vai a pagar?**

En dous pagamentos:

1º pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 de abril). 14 días.

2º pagamento: se se prorroga a situación de alarma ata o 1 de maio. 14 días.

**6. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?**

**15 días: 10 días**, para resolver todas as presentacións das solicitudes. E 5 días máis para aboalo.

**7. Publicítase a resolución das familias beneficiadas?**

**Non** serán expostas publicamente as familias beneficiadas de acordo co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**Aclaración:** cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

Atentamente, o Equipo Directivo.